Solución ao reto

Confección dunha guía de viaxe

Cando ao principio do REA se presentaba o reto, a confección dunha guía de viaxe, dicíase que se seleccionaría un dos múltiples itinerarios que se propoñían na citada presentación (coa finalidade de presentar realidades diferentes a alumnado de distintas localizacións). Por tal motivo, non se pode dar unha solución pechada ao reto, dado que esta depende do traxecto seleccionado por cada grupo de traballo.

Seguidamente, e a modo de exemplo, presentáse unha guía na que se recolle unha viaxe entre Monforte (Lugo) e o Castro de Baroña (preto do Porto do Son, a Coruña), que podería servir como modelo de corrección.

Un programa acaído para elaborar a guía-presentación é o programa Impress, por exemplo.

Diapositiva 1. Recollerá o título e funcionará de portada.

Diapositiva 2. Incluirá os vosos nomes.

Diapositiva 3. Introdución. Breve escrito onde se di por que facedes a guía e cales son os obxectivos da mesma. Mellor redactala ao finalizar o resto dos apartados. Pode ir acompañada dunha imaxe.



Diapositiva 4. Coordenadas e distancia. Deberedes anotar as coordenadas xeográficas dos lugares de partida e chegada, e localizalos nun mapa de Galicia que teña escala, para calcular a distancia aproximada en liña recta entre os dous puntos. Xunta un mapa cos lugares de inicio e destino da viaxe unidos por unha liña recta.

- **Coordenadas:**

Monforte: 45° 53' N e 7° 21' O.

Castro de Baroña: 42° 69'N e 9° 02' O.

- **Distancia calculada segundo a escala do mapa:**

Liña recta: 131 km

Podemos averiguar todos os datos necesarios usando mapas de papel ou diferentes páxinas de Internet. Os mapas de Galicia con escala pódelos buscar na páxina de Información Xeográfica de Galicia.

Non dubides en pedirlle axuda ao teu profesor ou a túa profesora.

Diapositiva 5. Itinerario e duración da viaxe. Nalgunha aplicación informática, por exemplo Open Street Maps, buscamos o noso itinerario. O programa daranos a posibilidade de buscar os percorridos en coche, en bicicleta, andando... Escollemos "en coche".

Capturamos a imaxe do mapa co percorrido e no texto imos indicando:

- O sentido do itinerario, indicando os cambios de dirección que poida haber, utilizando os puntos cardinais.

- As localidades importantes polas que pasaredes.

- Os ríos que atravesades.

- As formas de relevo polas que transcorre o itinerario.

O percorrido máis curto -169 km- é pola Autoestrada Central Galega (AP-53), e terá unha duración de dúas horas e seis minutos. O primeiro treito ten unha dirección SE-NO e o segundo NE-SO.

Pasaremos por localidades como Chantada, Lalín, Santiago ou Noia. E cruzaremos ríos tamén reseñables como o Miño ou o Ulla. Pasamos moi cerca do Tambre en Santiago e na súa desembocadura.

No noso traxecto pasamos da depresión de Monforte ás serras da Dorsal Galega e atravesamos varios vales ata chegar ao pé da serra do Barbanza.

E chegaremos ao mar!!

Diapositivas 6- 14. Os lugares máis relevantes. Breve información acompañada de mapas e fotografías: coordenadas, poboación, características do relevo continental e/ou costeiro.

Este é un dos apartados máis longos do reto, e para elaboralo necesitaredes a orientación do profesorado. Primeiro debemos elixir as poboacións e enclaves que, pola súa importancia, debemos incluír no traballo final: por unha banda as poboacións, e pola outra elementos da paisaxe e do relevo que paga a pena destacar: un val, unha montaña, unha chaira ou meseta, infraestruturas destacadas (pontes, viadutos, túneles...), etc. Nalgún destes puntos podedes propor unha parada, explicando o seu interese.

Se o voso percorrido é moi longo, podedes dividilo en treitos, e facer o proposto para cada un deles.

Saímos de Monforte e abandonamos a chaira, ascendendo ata os 600 metros, para despois descender bruscamente ata o Miño, que circula encaixado nunha meseta, só uns metros máis abaixo do encoro de Belesar.

Ascendemos un val, escavado polo río, de forte pendente ata pasar a vila de Chantada, situada nunha meseta a uns 500 metros de altitude.

Imos facer unha breve parada para achegarnos ao Miradoiro de Gundián, onde quedaremos abraiados ante as dúas magníficas obras de enxeñaría, os viadutos do ferrocarril, que salvan un desfiladeiro escavado polo río Ulla na súa parte máis estreita.

Tamén podemos observar outras alteracións do relevo e da paisaxe realizadas polo ser humano: os túneles das vías ferroviarias e as dúas minas nas dúas marxes do río.

Lembrade que o voso obxectivo é ensinarlle aos vosos compañeiros o interesante do percorrido, que saiban por onde van e cales son as características do territorio polo que viaxaredes. Para conseguir que eles aprendan é imprescindible que vós teñades claro o que buscar e, tamén, que pensedes cal é o mellor método para ensinar. Vós sodes os profesores/as.

Diapositivas 15 - 19. A onde chegamos e que visitamos?

Aproxímase a hora de xantar, e como temos un bo día imos a un merendeiro, a carón da praia, na Coviña. Desde alí, por unha cómoda pasarela achegámonos ata as Furnas, onde podemos apreciar, con todo detalle, a forza erosiva do mar, do vento e da choiva.

Despois do paseo, recollemos todos os restos de comida, e subimos ao bus para ir ata Corrubedo, onde veremos o Cabo do mesmo nome, co seu faro, e as famosas dunas (lembrade que non se pode subir a elas!!!!) A máis alta está considerada a duna móbil máis alta de Galicia e dá nome ao Parque Natural.

Volvemos sobre os nosos pasos, e pouco antes de chegar ao Porto do Son torcemos cara o leste, ascendendo ata o monte Enxa (538 metros). No seu cume hai unha estación de Salvamento Marítimo. As vistas desde este miradoiro son impresionantes, abarcando toda a Ría de Muros e Noia.

Seguindo o mesmo criterio que no apartado anterior, nestas diapositivas describiremos os aspectos xeográficos máis importantes dos lugares nos que pasaremos o día. Temos que ser quen, coa axuda da profesora ou do profesor, de averiguar cales son os espazos máis destacados, buscar unha breve información e deseñar o percorrido ao longo do día.

Diapositivas 20 - 22. A xogar!

A guía debe incluír un xogo final, a realizar por grupos unha vez de volta no centro, no que teñades que poñer en práctica o aprendido respondendo unha serie de preguntas. Necesitaredes o mapa topográfico do voso lugar de destino, que podedes descargar aquí, coa axuda da túa profesora ou o teu profesor.

A continuación tedes un exemplo que vos pode servir de inspiración para a vosa proposta de preguntas.

O XOGO

1. Que forma de relevo costeiro une o castro de Baroña ao continente?

2. Desde o monte Enxa no que estamos, en que dirección queda Porto do Son?

3. Cal é a máxima altura que figura neste mapa?

4. Consulta e anota as coordenadas xeográficas (en graos e minutos) da principal localidade do mapa.

5. Cal é a escala numérica do mapa?

6. No extremo suroccidental da costa representada, como se chama a praia que está ao norte da Punta das Covas?

7. Como se chama a praia máis setentrional que aparece neste mapa?

8. Como se chama o regato que desemboca na praia do Son en Porto do Son?

Respostas das anteriores preguntas:

1. Un istmo

2. Noroeste

3. Monte Iroite: 686 metros

4. 9° 0’ 20’’ Oeste e 42° 43’ 30’’ Norte

5. 1:25.000

6. Praia de Seiras

7. Praia de Pozo

8. Rego de Portovello

Diapositiva 23. Agradecementos e fontes utilizadas

Nesta diapositiva simplemente temos que nomear a aquelas persoas que nos axudaron a resolver o reto, e citar todos os libros, atlas e páxinas web consultadas.

Rematamos...?

...ou non

Pois non, aínda non rematamos. Pero o traballo duro xa está feito. Toca agora presentarlle aos nosos compañeiros a Guía de Viaxe. Para isto a fixemos. Podemos preparar unha exposición na propia aula ou, e isto sería o ideal, facendo vós mesmo de guías turísticos na mesma viaxe.

Nos dous casos deberemos enviarlle antes aos vosos compañeiros a Guía, e sobre a mesma ir explicando o que vos pareza máis importante.

En calquera caso é moi importante que vos organicedes ben, distribuíndo os contidos e as quendas de intervención de xeito consensuado e equitativo. Podedes redactar un guión das vosas intervencións, pero lembrade que só é un apoio, non debe lerse sen máis. Procuraredes falar de xeito fluído, alto e claro, sempre pendentes de espertar a atención do voso público (mesmo podedes facerlle preguntas para que non se despisten).

Remataremos dando as grazas e pedindo a opinión crítica aos compañeiros. Anotaremos as suxestións no diario de aprendizaxe.

Pode ser interesante que, para concluír esta tarefa, fagades unha posta en común na aula, na que oralmente valoredes o voso reto e os dos demais, sempre co obxectivo de aprender e mellorar de cara ao futuro.

Manual para traballar cos mapas propostos

Como conseguir un mapa de Galicia con escala

Para obter un mapa de Galicia coa escala podemos acceder ao visor da Información Xeográfica de Galicia. Para iso debemos debes entrar no enderezo :

https://mapas.xunta.gal/visores/basico/

Achegaremos ou afastaremos a imaxe segundo necesitemos empregando as ferramenta sitas no ángulo superior esquerdo da pantalla.

A escala (gráfica e numérica) e as coordenadas necesarias para poder facer os cálculos requeridos atópase na marxe inferior esquerda.



Como conseguir un mapa de estradas

Facer un mapa do itinerario da viaxe empregando a aplicación OpenStreetMap

Entra no seguinte enderezo:

https://www.openstreetmap.org/#map=9/42.8256/-8.1766&layers=T

Pica na frecha inclinada cara a dereita que está situada no ángulo superior esquerdo da páxina.



Desprégase un cadro no que escribiremos o punto de saída e o de chegada da viaxe (no caso do exemplo Monforte e Castro de Baroña), seleccionamos o medio de transporte e prememos en ir.

Ábrese un cadro no lado esquerdo con información sobre a ruta: distancia, tempo, direccións, estradas a empregar...

No centro da imaxe, no mapa, fai acto de presenza o mapa de Galicia co traxecto marcado.



A imaxe pódese recortar e pegar nun documento (Writer, Impress...) para logo poder imprimir se se quere.

Como conseguir un mapa topográfico

Descargar mapas topográficos dende a cartoteca do Instituto Geográfico Nacional

Entra no seguinte enderezo:

https://www.ign.es/web/catalogo-cartoteca/search-in-map.html

Amplía a imaxe na súa totalidade premendo sobre o + do ángulo superior dereito do mapa.



Preme sobre a cuadrícula correspondente ao destino. No noso caso seleccionamos a folla de Porto do Son.

No lado esquerdo aparecerá un rectángulo no que se reflectirán os mapas dispoñibles sobre o lugar seleccionado

Escollemos o que nos interese. Nós seleccionamos o mapa topográfico 1:25.000 e prememos sobre “ver más de talles”



Agora picamos sobre ver obra (área superior esquerda)

Na nova páxina seleccionamos a opción que máis no interese (por exemplo a primeira: escala 1:25.000 do ano 2021). Picamos a icona central do apartado “Acciones” e tras activar o botón continuar o mapa será descargado no cartafol que lle indiquemos.



“Camiñamos, aprendemos e non nos perdemos”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0